<p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e</p>	<p>Realiza tarefas lingüísticas e non lingüísticas que demostren a comprensión dun texto escrito. CAA,CCL</p>

temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.	
<b>Bloque 4. Produción de textos escritos. Unidade 1 a 4</b>	
B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.	Redacta textos diversos en soportes informáticos, coidando o léxico, as estruturas e adaptándose ao formato esixido esforzándose por facelos comprensibles ao lector. CCL, CAA, CSC
B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.	Cubre, con acerto lingüístico , formularios, cuestionarios ou enquisas con información persoal real ou simulando facer unha solicitude cunha finalidade específica. CAA,CCL,CMCT
B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.	Redacta pequenos textos, usando soportes dixitais, respondendo a determinadas cuestión e aportando información e opinión persoal. CAA,CCL,CSIE
B4.4. Producir correspondencia formal para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar), de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.	Respecta as convencións formais e normas de cortesía na redacción de correspondencia de carácter formal dirixida nas que se solicita algunha información ou servizo. Coida a presentación. CSC,CCL,CMTC,CD
B4.5. Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos de estrutura clara, breves ou de extensión media, sobre asuntos cotiás ou temas de interese persoal ou educativo, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de estruturas e un léxico de uso frecuente de carácter xeral.	Produce textos sinxelos nos que, no formato estipulado ,aporta información sobre un tema concreto de estudo podendo narrar ou describir acontecementos seguindo unha secuencia ou progresión lóxica. CCL, CCL, CMCT

<p>B5.2. Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación.</p>	<p>Demuestra Interese por progresar no coñecemento da lingua intentando corrixirse e mellorar, asumindo o erro como elemento indisoluble da propia aprendizaxe. CAA,CSIE</p>
<p>B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando a propiedade e a cortesía debidas</p>	<p>Amosa Interese e curiosidade por coñecer a lingua e os aspectos máis relevantes da vida en Francia así como respecto polos elementos socioculturais diferentes. CSIE, CEC,CD</p>
<p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p>	<p>Usa as súas experiencias os seus coñecementos lingüísticos doutras linguas para deducir mensaxes e intencións comunicativas. CEC, CMCT,CAA</p>
<p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>Ten interese pola organización e a presentación das tarefas no relativo á limpeza, corrección e prazos .CSIE, CD, CCL Mostra boa disposición no seu traballo persoal realizado de xeito individual ou en equipo e valora o esforzo realizado. CSC,CSIE</p>

Competencias sociais e cívicas (CSC)	
Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIE)	
Competencia de aprender a aprender (CAA)	
Competencia de comunicación lingüística (CCL)	
Competencia dixital (CD)	
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCT)	
Competencia de consciencia e expresións culturais (CEC)	

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Neste terceiro trimestre seguimos a traballar de xeito telemático en horario establecido. Estamos a repasar, reforzar e, se a circunstancia o permite, ampliar contidos có obxectivo de garantir unha certa continuidade encamiñada ao alcance individual dos obxectivos a través do traballo e da adquisición das competencias.</p> <p>As tarefas propostas nos soportes informáticos que empregamos( classroom, hangouts e webex), nos permiten continuar co proceso de ensinanza-aprendizaxe e atender a progresión do noso alumnado.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A avaliación final e a súa cualificación se fará en base aos coñecementos e competencias adquiridos na 1ª e na 2ª avaliación pero tamén ao grao de alcance de competencias que, a través das tarefas propostas, se demostren ter acadado.</p> <p><b>Deste xeito o Departamento establece que,</b></p> <p><b>1.O alumnado que teña aprobada a 1ª e a 2ª avaliación, quedará aprobado</b></p> <p><b>2.O alumnado que, tendo unha das dúas primeiras avaliacións suspensas, acade un mínimo 5 facendo a media das dúas, quedará aprobado</b></p> <p>A nota final se poderá ver mellorada en 2 puntos de tal xeito que sobre a nota resultante da media das dúas primeiras avaliacións o alumno ou alumna poderá sumar un máximo de 2 puntos segundo o seu traballo e o grao de cumprimento demostrado dende o inicio da declaración do estado de alarma. Atenderemos para tales efectos aos seguintes aspectos asociados ao desenvolvemento das competencias :</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Utiliza o francés nos seus actos de comunicación (orais e escritos).</li> <li>2. Participa de xeito activo , con iniciativa e con respecto nos intercambios lingüísticos.</li> <li>3. Comprende , interpreta e desenvolve contidos .</li> <li>4. Trata de resolver as súas dúbidas e corrixe os seus erros.</li> <li>5. Realiza as tarefas con autonomía, corrección e cumprimento de prazos.</li> <li>6. É resolutivo en canto ao manexo das novas tecnoloxías</li> <li>7. Mostra interese e investiga para mellorar os seu coñecemento sobre algún aspecto da cultura francesa.</li> </ol> <p><b>3.O alumnado que non estea en ningunha das dúas situacións anteriores, deberá, ademais de cumprir có pautado para esta terceira avaliación, realizar con acerto as actividades individuais que se lle faciliten. A través das actividades propostas, se avaliarán coñecementos correspondentes á avaliación que se ten que recuperar. Será de obrigado cumprimento a realización de probas que nos permitan cubrir as 4 destrezas (expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita).Achegaráselles por correo electrónico as datas de realización de probas concretas.</b></p> <p><b>Neste nivel todo o noso alumnado está na situación exposta no punto 1</b></p>

<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	O alumnado que non supere a materia en xuño terá a posibilidade de presentarse á proba extraordinaria de setembro na que só entrarán contidos impartidos nas aulas ao longo do 1º e 2º trimestre. O exame constará dunha parte escrita(CE, EE) e dunha parte oral(CO,PO)
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Criterios de avaliación: Non temos neste curso alumnado que teña que recuperar a pendente deste nivel.
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>		
<b>Actividades</b>	<p>As actividades do 3º trimestre serán principalmente de repaso de contidos impartidos nas aulas ao longo do 1º e 2º trimestre. Se repasarán polo tanto contidos contemplados nas 4 primeiras unidades do libro do alumno aínda que ese non sexa o material de traballo que empregamos.</p> <p>Se a resposta de grupo, por ser moi favorable, o permite, reforzaremos eses contidos con actividades que profunden.</p> <p>No caso no que se devolvan tarefas con resultado negativo, darase a oportunidade de repetila tras comentarios individuais en classroom.</p> <p>Aos contidos mencionados se sumarán outros que teñen que ver coa cultura e civilización francesa así como coa situación actual que estamos a vivir.</p> <p>No caso no que se considere que todo o alumnado dun grupo acadou os obxectivos marcados e adquiriu as competencias básicas asociadas aos contidos do 1º e 2º trimestre, ampliaremos a temática coa que está determinada na programación ordinaria do noso departamento para o terceiro trimestre.</p>	
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A estas alturas comprobamos que todo o alumnado, con maior ou menor eficacia, ten acceso a Internet. As tarefas que propoñemos en classroom teñen cualificación e data de entrega, mais cando se demostra, a través de información de titores, que un alumno ou unha alumna non ten boas condicións de conexión eses prazos non rexen e se poderá entregar en calquera momento. Os alumnos teñen que estar pendentes das novas publicacións de materiais e tarefas.</p> <p>Creamos conexión en horas de clase a un grupo de chat de hangouts. Utilizamos este medio con dous propósitos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Ter unha comunicación directa en liña cos alumnos e solucionar alí dúbidas que poidan ter coa realización das tarefas semanais de classroom ou outros temas.</li> <li>2. Realizar actividades máis dinámicas, xogos, respostas rápidas, adiviñas, ... onde interveña todo o grupo.</li> </ol> <p>A participación activa e respectuosa no chat será obxecto de cualificación.</p> <p>Se un alumno ou unha alumna non se conecta ao chat en horas de clase, se lle comunica a través do modelo de informe semanal de teletraballo ao titor quen o transmitirá aos pais.</p> <p>Se concertarán datas nas que faremos videoconferencia co grupo. A comunicación de datas se publicará en comentarios da aula de classroom e tamén por o chat. Nestas videoconferencias esperamos unha presenza activa</p>	
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 12 DE 14	CENTRO: CURSO: MATERIA:

	e ordenada atendendo as pautas que irá marcando o administrador, neste caso o profesor. Tamén o usaremos para a presentación individual dun tema preparado con antelación.
<b>Materiais e recursos</b>	<p><b>Classroom</b> (aplicación de google) onde se publican materiais e tarefas</p> <p><b>Hangouts</b> (aplicación de google) onde nos saúdamos, consultamos dúbidas, damos pautas de traballo e realizamos actividades dinámicas</p> <p><b>Gmail</b> a través do cal nos poñemos en contacto directo para calquera consulta ou problemática</p> <p><b>Webex</b> (aplicación para videoconferencias) que nos servirá de soporte para a práctica da expresión oral</p> <p><b>A Web</b> para realizar búsquedas en tarefas de proxectos</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>O alumnado estará informado das tarefas que terá que facer así como dos prazos de entrega na súa aula de grupo de classroom. Utilizamos ademais o chat de grupo para recordalo .</p> <p>Nos informes de tarefas que envían os titores aos pais a comezos de semana, tamén consta que se vai a traballar na semana.</p> <p>O alumnado que teña que recuperar algún trimestre ten ,na propia aula de classroom, as indicacións e materiais necesarios para poder traballar. Utilizamos gmail para informar e facilitar código de acceso.</p>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Lugo, 12 de maio de 2020

Jacqueline López García, Xefa do departamento de francés

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES POETA DÍAZ CASTRO  
CURSO: 2º BACHARELATO  
MATERIA: FRANCÉS  
DEPARTAMENTO: FRANCÉS  
DATA: 12 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

### Introdución

Considerando a excepcionalidade da situación na que nos atopamos e atendendo as directrices e recomendacións dos órganos competentes, dende o noso Departamento, deixamos constar as novas medidas que se marcan de cara ao terceiro trimestre e á avaliación do curso 2019-20.

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 14	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	-------------------	-------------------------------

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b>	
B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.	Extrae a información específica e detalles relevantes de textos orais para logo realizar exercicios orais ou escritos. CCL, CAA,CD
B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.	Escoita mensaxes orais directas ou gravadas e realiza tarefas do tipo: relacionar, resumir, completar quiz, etc. CCL,CAA,CMCT,CD  Entende as directrices dadas de viva voz para logo realizar a tarefa s ou dar resposta á información solicitada.  Procesa a información dunha mensaxe de audio, acompañada ou non de soporte visual, na que se traten aspectos concretos ou abstractos de temas xerais mais ou menos habituais, con opción a repetición. CAA, CAA
B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións comúns, aínda que poidan necesitar unha xestión ou transacción menos habitual (explicacións a unha reclamación, cancelación dun servizo, etc.) que impliquen a solicitude de datos, realización de accións, formas de pagamento, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito	Entende e sabe responder , nunha conversa formal, a unha serie de preguntas sobre a súa persoa, en canto a ocupación, formación, intereses ou proxectos de futuro. CCL, CAA, CSIE
B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, suposicións e hipóteses, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa	Comprende a información que un interlocutor lle facilita ou require nunha situación de xestión pública habitual ou menos habitual pero que apela a unha resposta inmediata CCL, CAA, CSIE.

interlocutora	
B1.5. Comprender o sentido xeral e información esencial en presentacións ben estruturadas sobre temas coñecidos e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios e películas, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.	Interpreta con acerto a información ou noticias de actualidade que se presentan en distintos soportes ou formato, aínda que se necesite escoitar unha repetición. CCL,CMCT,CAA
B.5.3 B5.3. Utilizar, para a comprensión e a produción de textos orais e escritos, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais ou nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender e expresar adecuadamente información e ideas presentes nos textos.	Resolve problemas de comprensión a través da aplicación dos coñecementos da súa propia lingua ou doutras linguas. CEC, CCL Coñece as convencións e normas sociais propias dos países francófonos e responde respectando estas regras. CSC, CCL
<b>Bloque 2. Producción de textos orais</b>	
B2.1. Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.	Usa activamente a lingua estranxeira nos intercambios lingüísticos realizados por videoconferencia. Axustase ao contexto producindo mensaxes axeitadas. CSIE,CCL, CAA,CD Sabe entoar, manter o ritmo da frase, valerse de recursos para verbais para mellorar a comunicación. CAA,CCL,CSC
B2.2. Interactuar, en situacións reais ou simuladas, con eficacia suficiente para narrar e describir experiencias, acontecementos, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e plans ou proxectos; e intercambiar información pouco complexa, pedir e dar indicacións ou instrucións sinxelas con certo detalle, xustificar brevemente opinións e puntos de vista; formular hipóteses e facer suxestións, e expresarse	Participa en interaccións e debates, relativos a situacións habituais, reais ou abstractas, de interese persoal e con diversos fins comunicativos opinando, argumentando ou solicitando algo. CSIE,CSC,CAA,CD  Realiza con certa fluidez presentacións individuais ou grupais sobre algún tema previamente preparado é relativo a temas propostos sabendo repetir

sobre temas algo abstractos, como películas, música, libros, etc.	ou reformular se así o necesita se lle solicita. Videoconferencias. CCL,CEC,CAA,CD
<p>B2.3. Intercambiar de xeito sinxelo pero eficaz, con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicación e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, menús alternativos, accidentes, etc.), así como a expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.</p>	<p>Utiliza estratexias de comunicación e estruturas lingüísticas axeitadas en distintas situacións de interacción nas que se pode atopar na vida real .Pode mostrar acordo ou desacordo, posibilidade ou non, a través do uso de expresións básicas aprendidas. CCL, CAA,</p> <p>Narra e describe feitos que acontecen en calquera momento dunha liña do tempo .CAA, CCL, CMCT</p> <p>Aporta a súa opinión, reflexión sobre un tema concreto poñendo de manifesto os seus sentimentos e emocións .CCL,CAA, CSC</p> <p>Proxectase noutro momento ou situación e formula hipóteses facendo unha composición de lugar. CAA, CCL, CSC</p>
<p>B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.</p>	<p>Participa en conversas informais, formais ou neutras en situación de diálogo ou de monologo e asumindo algún rol, facendo uso de estratexias e estruturas axeitadas para unha correcta progresión da comunicación. CCL,CAA,CEC</p> <p>Coñece e usa axeitadamente as rutinas e pautas esixidas no país estranxeiro logo dun intercambio a través de medios técnicos ou dun intercambio real cara a cara. CEC;CCL;CSC</p>
<p>B2.5. Participar en situacións de comunicación formais que impliquen intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora, e sendo quen</p>	<p>Sabe proxectarse no futuro usando axeitadamente as estruturas lingüísticas que lle permiten facer suposicións e hipóteses acerca dos seus plans de futuro ou sobre o devenir de distintas situacións. CSIE, CCL,CAA</p>

<p>de intercambiar información e opinións, dar instrucións, xustificar brevemente os motivos de accións e plans, e argumentar de xeito sinxelo pero eficaz.</p>	<p>intervén en conversas que simulan situacións reais formais axeitando o seu discurso ao rexistro demandado e aportando información e pareceres. CLL,CAA,CSIE,CSC</p> <p>Participa e colabora nas actividades de clase e de grupo (videoconferencia) que respondan a situacións formais de comunicación , respectando as quendas de palabra e as intervencións dos compañeiros/as. CSC,CSIE,CD</p>
<p>B.5.1. Expresarse de xeito claro e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras poden necesitar repeticións cando se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación</p>	<p>Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. CMTC,CCL, CEC</p> <p>Recoñece e sabe empregar os patróns discursivos habituais traballados na aula adaptándoos ao contexto. CAA,CCL</p>
<p><b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b></p>	
<p>B3.1. Utilizar estratexias (recurso ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e das expresións non coñecidas.</p>	<p>Extrae a información relevante de artigos de prensa presentados en formato dixital nos que non se empregue unha linguaxe demasiado técnica. Interpreta as noticias de actualidade e aporta a súa opinión sobre o tema tratado podendo facer comparacións ca situación do seu país ou comunidade. CAA,CCL,CSC</p>
<p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas de carácter público, institucional ou corporativo.</p>	<p>Capta o sentido xeral de carteis, ou outro tipo de anuncios de carácter publicitario, educativo ou de outra índole podendo aportar, xustificando e argumentando, de xeito oral ou escrito, as causas das súas consideracións .CCL, CMCT,CSIE</p>
<p>B3.3. Comprender información relevante en textos do seu interese, descritivos ou narrativos, de certa lonxitude e ben estruturados, nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas,</p>	<p>Entende a información mais importante e tamén certos detalles naqueles documentos de carácter público, institucional ou corporativo que esixen seguir unhas instrucións e nos que se demanda unha determinada resposta.</p>

<p>obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas.</p>	<p>CAA, CCL Interpreta os enunciados e comunicacións de aula para a realización de tarefas. CAA,CD (Chat, classroom)</p>
<p>B3.4. Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo.</p>	<p>Recoñece formatos de presentación de textos con estruturas formais propias e extrae a información sobre as persoas ou personaxes situando en espazo e tempo o desenvolvemento da acción. CAA,CMCT,CCL</p>
<p>B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, tanto de carácter xeral como máis específico.</p>	<p>Manéxase na web e entende a información esencial ,ou mais específica segundo as esixencias, que atopa para a realización de proxectos ou tarefas de investigación sobre asuntos de interese ou relativas a temas de actualidade. CD, CCL,CMCT</p>
<p>B5.3. Utilizar, para a comprensión e a produción de textos orais e escritos, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais ou nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender e expresar adecuadamente información e ideas presentes nos textos.</p>	<p>Realiza tarefas lingüísticas e non lingüísticas que demostren a comprensión dun texto escrito. CAA,CCL Adapta a mensaxe escrita ás súas posibilidades e coñecementos lingüísticos. CSIE,CEC</p>
<p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliala con</p>	<p>Utiliza de forma consciente en contextos de comunicación variados, os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira para comprender as producións alleas. CAA, CEC</p>

exemplos ou resumila.	
<b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b>	
B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.	Redacta textos diversos en soportes informáticos, coidando o léxico, as estruturas e adaptándose ao formato esixido esforzándose por facelos comprensibles ao lector. CCL, CAA, CSC
B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.	Cubre, con acerto lingüístico, formularios, cuestionarios ou enquisas con información persoal real ou simulando facer unha solicitude cunha finalidade específica. CAA,CCL,CMCT
B4.3. Escribir mensaxes breves, en calquera soporte, con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, destacando os aspectos que resulten importantes ou do seu interese para o tema que se trate.	Redacta pequenos textos, usando soportes dixitais, respondendo a determinadas cuestións e aportando información e opinión persoal. CAA,CCL,CSIE
B4.4. Producir correspondencia formal básica para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.	Respecta as convencións formais e normas de cortesía na redacción de correspondencia de carácter formal dirixida nas que se solicita algunha información ou servizo. Coida a presentación. CSC,CCL,CMTC,CD
B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e	Produce textos sinxelos nos que, no formato estipulado, aporta información sobre un tema concreto de estudo podendo narrar ou describir acontecementos seguindo unha secuencia ou progresión lóxica. CCL, CCL, CMCT  Redacta con corrección ortográfica, gramatical e tipográfica. CAA,CCL,CD

un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese	
B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou doutras linguas; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet	Demuestra Interese por progresar no coñecemento da lingua intentando corrixirse e mellorar, asumindo o erro como elemento indisoluble da propia aprendizaxe. CAA,CSIE,CD
B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	Ten interese pola organización e a presentación das tarefas no relativo á limpeza, corrección e prazos . CSIE,CD,CCL  Amosa Interese e curiosidade por coñecer a lingua e os aspectos máis relevantes da vida en Francia así como respecto polos elementos socioculturais diferentes. CSIE,CEC,CD  Mostra boa disposición no seu traballo persoal realizado de xeito individual ou en equipo e valora o esforzo realizado. CSC,CSIE
B5.7. Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.	Fai uso de léxico e expresións axeitados segundo as esixencias da situación. CAA,CLL

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIE)

Competencia de aprender a aprender (CAA)

Competencia de comunicación lingüística (CCL)

Competencia dixital (CD)

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 8 DE 14	CENTRO: CURSO: MATERIA:
---	----------------	-------------------------------

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCT)

Competencia de consciencia e expresións culturais (CEC)

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Neste terceiro trimestre seguimos a traballar de xeito telemático en horario establecido. Estamos a repasar, reforzar e ampliar contidos có obxectivo de garantir unha certa continuidade encamiñada ao alcance individual dos obxectivos a través do traballo e da adquisición das competencias.</p> <p>As tarefas propostas nos soportes informáticos que empregamos( classroom, hangouts e webex),nos permiten continuar co proceso de ensinanza-aprendizaxe e atender a progresión do noso alumnado.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A avaliación final e a súa cualificación se fará en base aos coñecementos e competencias adquiridos na 1ª e na 2ª avaliación pero tamén ao grao de alcance de competencias que, a través das tarefas propostas, se demostren ter acadado.</p> <p><b>Deste xeito o Departamento establece que,</b></p> <p><b>1.O alumnado que teña aprobada a 1ª e a 2ª avaliación, quedará aprobado</b></p> <p><b>2.O alumnado que, tendo unha das dúas primeiras avaliacións suspensas, acade un mínimo 5 facendo a media das dúas, quedará aprobado</b></p> <p>A nota final se poderá ver mellorada en 2 puntos de tal xeito que sobre a nota resultante da media das dúas primeiras avaliacións o alumno ou alumna poderá sumar un máximo de 2 puntos segundo o seu traballo e o grao de cumprimento demostrado dende o inicio da declaración do estado de alarma. Atenderemos para tales efectos aos seguintes aspectos asociados ao desenvolvemento das competencias :</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Utiliza o francés nos seus actos de comunicación (orais e escritos).</li> <li>2. Participa de xeito activo , con iniciativa e con respecto nos intercambios lingüísticos.</li> <li>3. Comprende , interpreta e desenvolve contidos .</li> <li>4. Trata de resolver as súas dúbidas e corrixe os seus erros.</li> <li>5. Realiza as tarefas con autonomía, corrección e cumprimento de prazos.</li> <li>6. É resolutivo en canto ao manexo das novas tecnoloxías</li> <li>7. Mostra interese e investiga para mellorar os seu coñecemento sobre algún aspecto da cultura francesa.</li> </ol> <p><b>3.O alumnado que non estea en ningunha das dúas situacións anteriores, deberá, ademais de cumprir có pautado para esta terceira avaliación, realizar con acerto as actividades individuais que se lle faciliten. A través das actividades propostas, se avaliarán coñecementos correspondentes á avaliación que se ten que recuperar. Será de obrigado cumprimento a realización de probas que nos permitan cubrir as 4 destrezas (expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita).Achegaráselles por correo electrónico as datas de realización de probas concretas.</b></p> <p style="color: red;"><b>Neste nivel todo o noso alumnado está na situación exposta no punto 1</b></p>

<p align="center"><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>O alumnado que non supere a materia en xuño terá a posibilidade de presentarse á proba extraordinaria de setembro na que entrarán contidos impartidos nas aulas ao longo do 1º e 2º trimestre e tamén aqueles impartidos telemáticamente No terceiro trimestre. O exame constará dunha parte escrita(CE, EE) e dunha parte oral(CO,PO)</p> <p><b>Non haberá, por aplicación do punto 1 dos criterios de cualificación, alumnado que precise ir a esta proba</b></p>
<p align="center"><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p>Criterios de avaliación: <b>Non temos neste curso alumnado que teña que recuperar a pendente deste nivel</b></p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>As actividades do 3º trimestre serán principalmente de repaso de contidos impartidos nas aulas ao longo do 1º e 2º trimestre que reforzaremos con actividades que profunden.</p> <p>Temos que dicir que ao inicio desta situación extraordinaria xa tiñamos dados todos os contidos do curso e íamos dedicarnos ao proxecto final de etapa mencionado na programación ordinaria do noso departamento e programado para realizar todo ao longo do 3º trimestre. O noso alumnado seguirá traballando neste proxecto individual sobre unha viaxe que se realizará a un país francófono para logo facer unha presentación oral/escrita.</p> <p>Traballaremos modelos de ABAU e materiais outros materiais de reforzo. Aos contidos mencionados se sumarán outros que teñen que ver coa cultura e civilización francesa así como coa situación actual que estamos a vivir.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A estas alturas comprobamos que todo o alumnado, con maior ou menor eficacia, ten acceso a Internet. As tarefas que propoñemos en classroom teñen cualificación e data de entrega, mais cando se demostra, a través de información de titores, que un alumno ou unha alumna non ten boas condicións de conexión eses prazos non rexen e se poderá entregar en calquera momento. Os alumnos teñen que estar pendentes das novas publicacións de materiais e tarefas.</p> <p>Creamos conexión en horas de clase a un grupo de chat de hangouts. Utilizamos este medio con dous propósitos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Ter unha comunicación directa en liña cos alumnos e solucionar alí dúbidas que poidan ter coa realización das tarefas semanais de classroom ou outros temas.</li> <li>2. Realizar actividades máis dinámicas, xogos, respostas rápidas, ....onde interveña todo o grupo.</li> </ol> <p>A participación activa e respectuosa no chat será obxecto de cualificación.</p> <p>Se un alumno ou unha alumna non se conecta ao chat en horas de clase, se lle comunica a través do modelo de informe semanal de teletraballo ao titor quen o transmitirá aos pais.</p> <p>Se concertarán datas nas que faremos videoconferencia co grupo. A comunicación de datas se publicará en comentarios da aula de classroom e tamén por o chat. Nestas videoconferencias esperamos unha presenza activa e ordenada atendendo as pautas que irá marcando o administrador, neste caso o profesor. Tamén o usaremos para a presentación individual de temas preparados con antelación.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p><b>Classroom</b> (aplicación de google) onde se publican materiais e tarefas</p> <p><b>Hangouts</b> (aplicación de google) onde nos saúdamos, consultamos dúbidas,</p>

	<p>damos pautas de traballo e realizamos actividades dinámicas</p> <p><b>Gmail</b> a través do cal nos poñemos en contacto directo para calquera consulta ou problemática</p> <p><b>Webex</b> (aplicación para videoconferencias) que nos servirá de soporte para a práctica da expresión oral</p> <p><b>A Web</b> para realizar búsquedas en tarefas de proxectos</p>
--	--

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>O alumnado estará informado das tarefas que terá que facer así como dos prazos de entrega na súa aula de grupo de classroom. Utilizamos ademais o chat de grupo para recordalo .</p> <p>Nos informes de tarefas que envían os titores aos pais a comezos de semana, tamén consta que se vai a traballar na semana.</p> <p>O alumnado que teña que recuperar algún trimestre ten ,na propia aula de classroom, as indicacións e materiais necesarios para poder traballar. Utilizamos gmail para informar e facilitar código de acceso.</p>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Lugo, 12 de maio de 2020

Jacqueline López García, Xefa do departamento de francés